



A P E C A

coñeces

as posibilidades

da compostaxe?

NAS HORTAS  
URBANAS




NA  
UNIVERSIDADE

NA  
HOSTALARÍA

NA  
COMUNIDADE

NA CASA

NA ESCOLA



**Publicado por** ADEGA  
R/ Travesa de Basquiños 9, baixo  
15704 Santiago de Compostela  
[www.adega.gal](http://www.adega.gal)  
[compostaxe@adega.gal](mailto:compostaxe@adega.gal)  
**Autora** María R. Lafuente  
**Fotografía** Ramsés Pérez





# As posibilidades da compostaxe...

## NA CASA

A metade dos residuos que xeramos na vivenda son residuos orgánicos, que separados do resto, son enteiraamente reciclábeis. Instalando un composteiro na vivenda podemos transformar tódolos restos orgánicos en compost, un abono de calidade que pode ser utilizado na agricultura.



### Estima económica:

- Cada persoa xera 0,5 Kg/día de residuos orgánicos, nunha vivenda de 4 persoas xérase 2Kg/día máis 1Kg de restos de xardín.
- 3Kg/día x 365 días serían 1095 Kg/ano - aprox 1,1 Tn/ano.
- Se instalamos 100 composteiros serían 110 Tn/ano.
- O custo a SOGAMA de cada Tn de residuos ronda os 80€ máis a recollida.
- Polo tanto se non se recollen 110 Tn/ano aforrariamos uns 8.800 € na factura a SOGAMA.

## NA COMUNIDADE

Nas zonas urbanas ou en barrios pódese instalar un composteiro de grandes dimensións para que os habitantes dos pisos poidan depositar os seus restos orgánicos. O composteiro comunitario tamén fai servizo ao concello, xa que os restos vexetais dos parques son depositados nel aforrando custes de transporte e tratamento, no seu lugar convértese en compost que será devolto ao parque aforrando tamén o custe da merca deste substrato tan utilizado en xardinería.



En zonas de urbanizacións todos os residuos dos xardíns particulares, que a maior parte das veces rematan no contedor municipal, poderían ser triturados e asumidos polo composteiro comunitario.

### Exemplo:

Os residuos orgánicos dunha comunidade de veciños/as de Fene son xestionados mediante a compostaxe comunitaria. O servizo de parques achega o estruturante e os mestres composteiros de ASPANEPS.

## NA ESCOLA

A compostaxe na escola pode ter unha dobre función; unha de xestión dos residuos orgánicos producidos no centro (comedor, xardín, etc) e a función pedagóxica. A comunidade educativa aprende o ciclo da materia orgánica, a reciclar e as funcións dos descompoñedores entre outras.



Un bo complemento ao composteiro nun centro de ensino é unha horta para pechar o ciclo da materia orgánica e aprender o valor do agro e da alimentación.



## NA UNIVERSIDADE

A universidade é un bo espazo para unha área de compostaxe comunitaria que pode asumir os restos orgánicos do campus. Tanto os restos de comida dos comedores como os restos vexetais e podas trituradas das zonas verdes. Así mesmo, é un bo espazo para investigar e mellorar as técnicas da compostaxe ou comprobar a calidade do compost no laboratorio. Habitualmente o compost obtido na compostaxe doméstica ou comunitaria ten unha baixa concentración de metais pesados polo que está dentro do límite permitido para a agricultura ecolóxica.



Desde comezos de 2011 compostáronse todos os residuos orgánicos dos comedores da Facultade de Filoloxía e da Escola Técnica Superior de Arquitectura da UDC, uns 5.000 kg en total, dos que se obtiveron uns 1.000 kg de compost.





# As posibilidades da compostaxe...

## NAS HORTAS URBANAS

As hortas urbanas son espazos cedidos polo concello para que a veciñanza poidan cultivar. Nestas hortas aplícanse técnicas agroecolóxicas onde está prohibido o uso de herbicidas e fertilizantes químicos (agrotóxicos), pola contra aplícanse metodoloxías sustentábeis dos recursos naturais. Unha destas metodoloxías é a compostaxe doméstica ou comunitaria, na que o compost obtido é o idóneo para o abonado das hortas agroecolóxicas. Todo horto urbano debe producir o seu propio fertilizante a través da compostaxe pechando así o ciclo da materia orgánica.



### Exemplo:

En Santiago de Compostela no parque de Belvís, existe un espazo dedicado a hortas que son cultivadas pola veciñanza, asociado a este espazo hai un composteiro comunitario que asume os restos das hortas e proporciona abono para a terra.

## NA HOSTALARÍA

As casas de turismo rural e os restaurantes son espazos onde se xera gran cantidade de residuos orgánicos, pódese crear unha rede no sector da hostalería onde os residuos orgánicos sexan xestionados por eles mesmos, para tal fin soamente precisaríamos un composteiro, un curso de formación e seguimento para o correcto funcionamento. **En zonas de urbanizacións todos os residuos dos xardíns particulares, que a maior parte das veces rematan no contedor municipal, poderían ser triturados e asumidos polo composteiro comunitario.**



Sería interesante que o concello promotor distinguira aos establecemento comprometidos cun selo por promover unha xestión ecolóxica dos residuos orgánicos.


XESTIÓN  
ECOLÓXICA  
DOS  
RESIDUOS

## EN RESUME

Apostar pola compostaxe é a mellor opción para o tratamento dos residuos orgánicos, sendo triplemente beneficiosa tanto social, económica como medioambientalmente

## Vantaxes sociais

- Fomento do contacto das persoas coa natureza recuperando unha práctica tradicional da cultura galega.
- Presentase como unha ferramenta de educación ambiental e participación cidadá.
- Comodidade do composteiro fronte ao contedor municipal, debido á instalación na propia vivenda e a ausencia de cheiros.
- A compostaxe comunitaria implica unha cohesión social e a recuperación de traballos comunitarios.





# As posibilidades da compostaxe...

## Vantaxes económicas

- O participante obtén compost, un abono de calidade.
- O concello aforra na recollida e na factura a empresa de tratamento de residuos.
- O compost obtido dos restos vexetais de parques e xardíns pode ser utilizado como substrato para xardinería nos parques do concello, aforrando a súa merca.

## Vantaxes medioambientais

- O compost funciona como sumidoiro de CO<sub>2</sub>, co que axuda a paliar o cambio climático.
- Diminuímos as emisións de CO<sub>2</sub> asociadas ao transporte do lixo xa que o lixo fica onde se produce.
- Devolvemos materia orgánica aos solos, esencial para a fertilidade da terra.





coñeces

as posibilidades

da compostaxe?

Se estás interesado/a en obter máis información sobre a compostaxe ou precisas asesoramento ponte en contacto con ADEGA

[compostaxe@adega.gal](mailto:compostaxe@adega.gal)

Tlf: 981 57 00 99 - 628 37 88 04

